

Unha xornada, aberta á cidadanía, rende homenaxe e afonda no legado do arquitecto Rafael Baltar no Museo do Pobo Galego

Karly Felipiche 3 de setembro de 2026 5 minutes read



RAFAEL BALTAR
TESTEMUÑA DUN TEMPO

“AMIZADE EN TORNO A BALTAR”

Xornada aberta ao público en xeral – 8 de setembro, 16:15 h.
Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela

 Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

 COAG

 Museo do Pobo Galego

 ETSAC Escuela Técnica Superior de Arquitectura

Unha xornada, aberta á cidadanía, rende homenaxe e afonda no legado do arquitecto Rafael Baltar no Museo do Pobo Galego

Unha xornada, aberta á cidadanía, rende homenaxe e afonda no legado do arquitecto Rafael Baltar no Museo do Pobo Galego

Participarán o historiador Ramón Villares e os arquitectos Fernando Agrasar, Mónica Mesejo, Cristóbal Crespo, Juan Prieto, Myriam Gollubof, Felipe Peña e Pablo Gallego, ademais do fillo de Rafael Baltar, Ramón Baltar

“Amizade en torno a Baltar” celebrarase o vindeiro martes, 8 de setembro, a partir das 16:15 horas, organizada polo COAG, o Museo do Pobo Galego e a ETSAC a raíz da mostra “Rafael Baltar. Testemuña dun tempo”, que se pode visitar no museo santiagués ata o día 27

O Museo do Pobo Galego acolle o vindeiro martes, 8 de setembro, no seu salón de actos a xornada “Amizade en torno a Baltar”, unha actividade aberta a toda a cidadanía. Esta cita inscríbese no marco da exposición “Rafael Baltar. Testemuña dun tempo”, unha mostra organizada polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) e a súa Delegación de Santiago, o Museo do Pobo Galego e a Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña (ETSAC), coa colaboración da Xunta de Galicia.

A xornada busca render homenaxe e afondar no legado de Rafael Baltar (1933-2004), figura clave na cultura, na arquitectura e nas institucións galegas do último terzo do século XX.

Programa da xornada

- 16:15 horas_ Recepción e presentación. Museo do Pobo Galego – COAG.
- 16:30 horas_ O contexto compostelán: Unha conversa de Ramón Villares e as comisarias da mostra Paula Franjo e Sandra González Álvarez.
- 17:15 horas_ A obra de Baltar, Bartolomé e Almuiña: Intervención de Fernando Agrasar.
- 18:00 horas_ A experiencia docente: Mónica Mesejo en conversa con Cristóbal Crespo e Juan Prieto.
- 18:45 horas_ Escolmas: Diálogo entre Ramón Baltar, Myriam Gollubof e Felipe Peña, en conversa con Pablo Gallego.
- 19:30 horas_ Preguntas e diálogo ao final da xornada.
- 20:00 horas_ Cóctel.

Inscripción na xornada: <https://form.jotform.com/262183563574968>



Unha xornada, aberta á cidadanía, rende homenaxe e afonda no legado do arquitecto Rafael Baltar no Museo do Pobo Galego

Sobre a exposición “Rafael Baltar. Testemuña dun tempo”

A exposición, comisariada polas arquitectas Paula Franjo Calvo e Sandra González Álvarez, poderase visitar ata o 27 de setembro no Museo do Pobo Galego. Propón un percorrido por algúns dos momentos clave da cultura arquitectónica galega do último terzo do século XX a través da figura de Rafael Baltar, unha das personalidades máis singulares desta etapa, marcada pola chegada da democracia e por novos modos de entender a arquitectura e a cultura galegas.

Baltar —arquitecto, profesor, presidente da Xunta Xestora e membro do Padroado do Museo do Pobo Galego, académico e autor— foi unha das presenzas máis constantes deste ciclo transformador. A mostra recolle a súa obra construída e escrita, e tamén o nacemento do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, o I SIAC (Seminario Internacional de Arquitectura Contemporánea), a Escola Técnica Superior de Arquitectura a Coruña ou o propio Museo do Pobo Galego, do que foi o primeiro socio e parte activa durante moitos anos. Deste modo, a exposición conmemora tamén o 50 aniversario da creación da Xunta Xestora e da constitución do Padroado do Museo, ao tempo que reivindica o papel das persoas e institucións que fixeron posible aquel proxecto colectivo.

A arquitectura como práctica cultural comprometida coa sociedade, co territorio e coa construción da Galicia contemporánea

Rafael Baltar Tojo (Santiago de Compostela, 1933-2004) foi arquitecto, profesor e unha das figuras fundamentais da cultura arquitectónica galega da segunda metade do século XX. Titulado pola Escola Técnica Superior de Arquitectura de Madrid en 1964 e doutor arquitecto en 1967, desenvolveu a súa actividade profesional desde Santiago de Compostela, cidade á que estivo profundamente vinculado ao longo de toda a súa traxectoria. Máis alá da súa obra profesional, Rafael Baltar representa unha maneira de entender a arquitectura como práctica cultural comprometida coa sociedade, co territorio e coa construción da Galicia contemporánea.

Como arquitecto, compartiu estudio con Xosé Antonio Bartolomé e, posteriormente, con Carlos Almuíña, formando un equipo responsable dunha obra ampla e diversa. Entre as súas obras e actuacións en Santiago destacan a rehabilitación de San Domingos de Bonaval para o Museo do Pobo Galego, as actuacións na Catedral, o Teatro Principal, o Salón Teatro, os Xulgados e a Facultade de Ciencias Políticas da Universidade en Santiago de Compostela.

A súa traxectoria estivo tamén estreitamente ligada á constitución das principais institucións da cultura arquitectónica galega contemporánea. Participou nos primeiros anos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e tivo un papel destacado na súa actividade cultural. Foi, ademais, unha figura decisiva na creación do Museo do Pobo Galego.

No ámbito docente, foi profesor na Universidade de Santiago de Compostela e na Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña, contribuíndo á formación de varias xeracións de arquitectas e arquitectos. A súa dimensión intelectual foi recoñecida tamén coa súa incorporación á Academia Galega das Ciencias e á Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario.